

Aula de natureza de

Moreda de



1

*Camiñar para coñecer, coñecer para conservar*

**XUNTA DE GALICIA**

## ¿Como usar esta guía?

Esta pequena guía pretende achegar ós visitantes desta aula de natureza a todos aqueles aspectos naturais, culturais e patrimoniais que fan deste contorno un espacio para aprender a conservar o noso patrimonio.

**Os itinerarios** organízanse arredor de paradas relativas a aspectos do medio natural, etnográfico e cultural que pola súa peculiaridade, valor ou singularidade merecen ser destacados.

**2** **As paradas** que se realizan ó longo do percorrido encóntanse convenientemente sinalizadas cos seus respectivos postes indicadores, así como os desvíos e dirección a seguir durante o noso percorrido.

## ¿Como comportarnos naturalmente durante o noso camiñar?

Para evitar crear impactos innecesarios debes ter en conta algunhas das seguintes recomendacións:

- Evita camiñar fóra dos camiños. Estes encóntanse debidamente sinalizados. Se os abandonas estas creando un impacto innecesario.
- Deixa o vehículo no aparcadoiro e goza do contorno camiñando polo itinerario que te propoñemos.

- Deposita nos contedores o lixo que produzas durante a túa visita. Sería importante que fixeras unha recollida selectiva e a depositaras nos contedores axeitados.

- A auga é fonte de vida. Por iso debes manter limpas as fontes e cursos de auga. Nós mesmos ou outros seres vivos poderíamos precisala máis adiante.

- Ten coidado co lume. Un incendio causa graves prexuízos na natureza e mesmo podemos poñernos en perigo.

- Respecta as plantas e animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza.


- Lembra que os animais domésticos ceibes poden asustar a outras persoas ou molestar ós animais que teñen neste lugar un refuxio de tranquilidade.

- Aproveita estes momentos para disfrutar do contacto coa natureza. Esquece as prásas, utiliza todos os sentidos, presta atención ás pequenas cousas e ven visitar este espacio en distintas épocas do ano.



*Aula de natureza  
de Moreda de Courel*

# Moreda de COUREL





## Aula de natureza de

### Moreda de



*“Eiquí sempre foi bosque”*

Uxío Novoneyra

6

A devesa da Rogueira é a xoia botánica de Galicia, da que o Padre Merino, autor da *Flora descritiva e ilustrada de Galicia* dixo a principios do século XX "garda as galas da antiga edá".

O Courel sitúase no extremo suroriental da provincia de Lugo; as súas esgrevias montañas confírenlle un carácter especial marcado pola súa orixe na oroxenia hercínica, na que se produciu un grande pregue tombado, cun segundo pregamento posterior e unha serie de fallas en dirección NE-SW. O resultado é que esta serra é moito máis quebrada cás súas veciñas.

Ó mesmo tempo que a serra, o río Lor vertebra este territorio que permaneceu recóndito, agachado e inaccesible ata hai ben poucos anos. O rego da Rogueira é un dos seus afluentes.

A cota máis alta é o Formigueiros con 1.639 m, baixo o cal, na aba noroeste, sitúase unha das nosas máis fermosas fragas.

Agacha unha grande diversidade vexetal: O Courel constitúe o 1% do territorio de Galicia e nel están representadas o 40 % das especies botánicas da nosa Comunidade. Na Rogueira esta característica é máis evidente por sucedérense distintos tipos de solos (louseiros, cuarcíticos e calizo-calcáreos), pola amplitude do seu rango de altitudes (750 m-1400 m) e orientación, e debido tamén á súa situación na confluencia de áreas vexetais de influencia atlántica e mediterránea.

**Inicio e remate:** Aula de natureza

**Percorrido:** 9,5 km (11 se chegas ás fontes, parada 7)

**Desnivel:** 650 m

**Duración:** 5 h (con paradas)

**Dificultade:** alta

O primeiro tramo ata a parada nº 3 é accesible para persoas con mobilidade reducida.

7

O camiño da devesa levaranos polo souto e polos prados de Moreda, ascendendo ata o bosque máis pechado e visitando o nacemento do regato da Rogueira, nas fontes da Fame ou do Cervo. De alí volveremos ó cruce do camiño, onde avanzaremos cara ó noroeste, ó alto do Couto. Aquí comezámolo descenso que pechará o camiño. Despois de visitármolas cabanas da Moreda Maior e a aldea da Moreda, chegaremos ó punto de comezo.

Se decidimos realiza-lo itinerario ata o punto 7, existe a posibilidade de face-lo percorrido alternativo que nos levará ó punto de partida pasando polo souto de Parada, aldea na que naceu o poeta Uxío Novoneyra. Este itinerario conta coa dificultade da excesiva exposición ó sol e á calor no estío, pois transcorre en boa parte por monte baixo.

De aquí parte tamén un camiño que nos pode levar á lagoa de orixe glaciari da Lucenza.

Dende o punto 10 podemos percorre-lo camiño máis longo, que nos levará a Carbedo, Esperante, Seoane, Ferrería Nova e de aí ó comezo. Pero, dada a súa lonxitude pode constituír un percorrido realizable nunha nova xornada.

8

## parada 1

Ordenadas e revoltas.

Hai unha certa estratificación das árbores durante o camiño.

As agrupacións de árbores no Courel veñen determinadas pola orientación das abas, o solo sobre o que se asentan e pola altitude.

Así, na parte máis baixa da Rogueira, atopamos soutos de castiñeiros explotados polo home pero que, dada a súa extensión e beleza, cobran un gran protagonismo na paisaxe forestal.



Case por calquera lado, abundan as abeleiras, pero son máis as asociadas ós cursos de auga. Nos afloramentos de calcaria atopamos aciñeiras.

Nas abas máis sombrizas, no cerne da devesa da Rogueira aparecen carballeiras cun mosaico de carballos e faias, mesturados con teixos, capudres e acivros e algúns bidueiros nas cotas máis altas.

Delimitando a devesa, nas zonas menos pendentes e con menor orientación norte aparecen os rebolos, especie que constitúe o bosque con maior potencial, o bosque xenuíno do Courel.



## parada 2

### Os sequeiros. Construcións populares para seca-las castañas



10

*Castiñeiro*

Cando o camiño pasa por riba do rego da Rogueira, vemos unha construción tradicional de planta rectangular. É un sequeiro.

Estas construcións son interesantes mostras da funcional arquitectura popular. Están destinados a seca-las castañas e aínda se utilizan eventualmente.

O laborioso proceso de secado leva máis de vinte días.

Despois de recollidas, esténdense sobre o caínzo no piso alto do sequeiro, no de abaixo faise lume. O fume ascende por entre os froitos que, durante a primeira semana, súan na caniceira. Non hai cheminea, fan o seu labor as fendas entre as lousas.

Cando secan, reméxense cada dous días cuns rodos.

Para pelalas, de a cinco e seis homes golpeaban, coas castañas xa secas metidas nun saco, nun sólido banco de castiñeiro cuberto de pelellos de cabra. De par deles, outros depositaban as castañas no banco e mazábanas co pisón,

un pesado cepo con pellos na parte inferior. Deste xeito as castañas perden a casca e o souto échese de música. A continuación penéiranse con eficientes movementos de brazos e cadeiras, nun lixeirísimo bandoxo, aparello de forma semielíptica fabricado en madeira de cerdeira. As castañas secas e limpas quedaban así separadas da puxa. O último proceso é clasifica-las enteiras, para a venda, e as rachadas, que son para consumo da casa e do gando. Para esta operación utilízase unha grande criba. Os sequeiros adoitan atoparse máis agrupados. Preto da aula de natureza, 300 m máis abaixo, en dirección a Seoane, está a agrupación dos sequeiros de Moreda.

*As pezas no sequeiro*

11



### parada 3

Os prados de dente e de sega son un sistema de aproveitamento gandeiro dos vales altos

Estes pasteiros desenvólvense condicionados pola pendente do terreo, a dispoñibilidade de auga e o tipo de solo. Hainos que non son sometidos nunca ás pisadas do gando, son os prados de sega. Os prados de dente son exclusivamente aproveitados para pastoreo

12



Pero o máis común, na actualidade, é unha explotación pascícola mixta, que se desenvolve nun ciclo anual. Dende o verán ata o principio da primavera permítese que o gando paste e, polo tanto, pise polos prados. Despois dun período sen levarlle a facenda, no comezo do verán ségase e a partir de aquí comeza de novo o ciclo.

*Prados*

O despoboamento progresivo da serra comporta o descoi-  
do destes cultivos, que van perdendo especies de alto valor  
para pasto e mesmo se abandonan e desaparecen.

## parada 4

### Os afloramentos de calcaria condicionan a paisaxe e a vida

Despois das primeiras costas, nas que camiñamos somerxi-  
dos nun túnel de vizosa foresta, o camiño parece abrirse.

Chegamos ó afloramento  
dun estrato de calcaria;  
como testemuño, unha  
pequena cova que lles serve  
de acubillo ás xentes que  
transitan o camiño dende  
tempos inmemoriais.

As covas abundan no  
Courel e, prospeccións  
arqueolóxicas realizadas  
na Cova do Oso e a de  
Longo de Meo (ambas na  
Rogueira) presentan claros  
indicios do seu poboamen-



13

*Acíñeira*

to en épocas prehistóricas. Os restos cerámicos atopados foron datados entre os últimos momentos da era do Bronce Final e os inicios da Idade do Ferro.

No contorno podemos ver abondosas aciñeiras que no Courel van ligadas a afloramentos de rocha calcaria e indican en Galicia zonas de clima mediterráneo. Son árbores de folla perenne e dentada. A súa codia é moi dura, a diferenza da sobreira, da que se extrae a cortiza.

14

As covas de calcaria son moi escasas en Galicia. Están asociadas a unha estreita franxa de rochas calcarias que afloran en Mondoñedo, na serra da Enciña da Lastra e no Courel. Estas rochas están formadas por calcaria, mineral brando que fractura con facilidade e soluble na auga que contén ácido carbónico. O ácido carbónico ten a súa orixe na disolución en auga do dióxido de carbono procedente da respiración das plantas e os microorganismos do solo. Diluída a calcaria polo ácido carbónico, fórmase o bicarbonato cálcico, que é arrastrado pola auga. Dentro das covas, nas pingueiras diminúe a concentración de dióxido de carbono e o carbonato cálcico acaba precipitando, solidificándose, para formar caprichosas concrecións: estalactitas, estalagmitas, columnas, coadas, gourds...

Preto da Rogueira atópase a sima kárstica máis fonda de tódalas exploradas en Galicia. É a de Aradela con 130 m de fondo.

## As covas son un lugar de refuxio para os morcegos

As covas calcarias son espazos onde viven algúns animais adaptados á escuridade permanente. Un grupo de animais que encontra un importante refuxio nas covas son os morcegos, aínda que tamén empregan construcións abandonadas para acubillarse.

Os morcegos son pequenos mamíferos voadores que contan en Galicia con dezaseis especies.

Aínda que son pouco coñecidos, sábese que as súas poboacións diminuíron nos últimos anos en Galicia. Entre as



*Morcego nunha cova*

causas desa regresión encóntranse o uso de insecticidas nos labores agrícolas, que contaminan os insectos que eles inxiren, a redución dos espazos nos que se refuxian e as molestias que sofren cando están hibernando e na época de cría ocasionadas polas visitas ás covas.

Os morcegos aliméntanse de gran cantidade de insectos que capturan mentres voan. O seu período de actividade soe ser a partir do solpor. Durante as épocas máis frías refúxianse en covas, minas ou construcións abandonadas nas que hibernarán, reducindo a actividade do seu organismo ó mínimo para consumi-lo menos posible das súas reservas.

Os morcegos cumpren unha importante función ecolóxica na natureza, limitando as poboacións de moitas especies de insectos.

## parada 5

Os carballos e as faias son o cerne da devesa


Son especies que no Courel aparecen nas manchas forestais correspondentes a terreos con forte pendente e orientación Norte, fragas que son denominadas localmente



como devesas. A devesa da Rogueira é a máis importante delas.

O carballo é a árbore principal, aínda que tamén o carba está presente. Os froitos do carballo, as landras, están agrupadas de a dúas e a tres, e colgan duns longos pedúnculos.

A faia está pouco representada en Galicia. Na devesa da Rogueira presenta unha das súas localizacións máis occidentais. As súas follas son simples, con nervios prominentes, e cunhas marxes sinuosas rematadas nuns pequenos peliños. O froito, o afún, preséntase dentro dunha funda con duras sedas no exterior. A codia é lisa. As raíces son superficiais e extensas, descubríndose facilmente pola erosión na senda que utilizamos.



Carballo

17



Faias na devesa

Este xeito de enraizamento xunto coa espesa sombra que proxecta dificulta a presenza doutras plantas baixo ela.

## parada 6

### Os teixos e os acivros tinguen a fraga de cor verde-escura

Son especies que comparten a perennidade e a cor das súas follas. Ambas teñen froitos redondos, vermellos e pequenos, e resisten ben o frío. Tamén as dúas son dioicas, é dicir, hai árbores con pés masculinos e pés femininos, pero son ben diferentes.

18

O teixo é unha conífera, ten follas en forma de agulla e o seu é un froito pequeno, un anel carnoso de cor escarlata. É unha especie moi lonxeva, algúns exemplares superan os 1.000 anos de idade. Toda a árbore é tóxica, a excepción da polpa do froito. Foi máis común, aínda que agora está en regresión. Galicia conta co bosque máis importante desta especie en Europa: o Teixedal de Casaio, na serra do Eixo. O acivro ou acibeiro é unha árbore pequena, coas follas anchas, planas e de beiras máis ou menos espiñentas. Os froitos vermellos e redondeados (de 1 cm de diámetro) son venenosos para o home.

Ofrece un bo acubillo para a fauna nos temporais de frío, ofertando a máis os seus froitos ata ben entrado o inverno.

Dada a súa importancia ecolóxica e debido á presión que recibía por ser utilizada como especie decorativa no Nadal, foi protexida en Galicia, onde está prohibida a súa comercialización cortada.

Máis adiante, dende o segundo cruzamento á dereita, podemos achegarnos ata o punto 7, do que deberemos regresar para segui-lo itinerario, supoñendo esta alternativa 3 km adicionais.



*Acivro*

## parada 7

As fontes da Rogueira:  
dúas cores e dous sabores de orixe mineral

A fonte do Cervo ou fonte da Fame son en realidade dous mananciais, un de auga branca e outro de auga vermella, que

abrollan á par, pintando a rocha suspensa sobre o camiño. Nas épocas máis chuviosas agóchanse tras do veo dunha fina ferverza, que se precipita dende algo máis de 15 m. A fonte vermella indícano-la presenza de ferro, un mineral que tivo grande importancia no desenvolvemento do Courel, especialmente ata mediados do século XIX. O de Formigueiros é un filón de especial relevancia, que se sitúa ó outro lado da montaña, e abastecía de ferro as fundicións e ferrerías espalladas por toda a serra. Os monxes de Samos foron propietarios de, polo menos, seis industrias

⌘



de redución do ferro na zona, actividade de suma importancia na economía da comunidade relixiosa, que contribuíu ó desenvolvemento desta na bisbarra. A importancia desta industria fixo que a recollida de madeira para elaboralo carbón vexetal chegase a ameaza-la subministración de leña para uso doméstico nos arredores.

*Fontes da Rogueira*

Lendas da serra sinalan que espadas forxadas a partir do ferro courelán, portadas por guerreiros galegos, causaron admiración entre as tropas de Aníbal.

Uns metros máis adiante, baixo o camiño, nace un manancial de auga limpa. Trátase, como na fonte branca da parede anterior, dun xurdimento de auga calcaria. Son precisamente os afloramentos de rocha calcaria os que marcan a dinámica da auga nesta pequena bacía. Augas abaixo de Moreda o rego da Brancha desaparece nunha infiltración ou sumidoiro, o que deu outro topónimo polo que é coñecido, río Seco.


### A fauna que vive no Courel

A alta diversidade de hábitats que existe no Courel convérteno nun espacio natural de elevada riqueza biolóxica. O número de especies de vertebrados é un dos maiores de todo o noroeste peninsular. Acolle no seu seo unhas 160 especies.

Na serra do Courel encontran refuxio algunhas das especies que teñen as súas poboacións minguadas en Galicia, como a aguia real, a aguia cobreira, o gato bravo ou a marta. Tamén están presentes os endemis-

21

*Marta*



mos do oeste da península Ibérica, como o pinta-fontes común, a ra patilonga, a lagartixa dos penedos ou a lagartixa da serra.

A lagartixa da serra é un réptil que ten o seu hábitat reducido ás zonas de montaña da metade norte da península Ibérica. En Galicia dáse a excepción a esa regra, e algunhas das súas poboacións encóntranse en zonas baixas -próximas ó mar-, na parte norte das provincias da Coruña e Lugo. Nas zonas de montaña viven entre as pedras e afloramentos rochosos en zonas de mato. Ten o corpo bastante aplanado, o que lle permite explora-las fendas das rochas na procura de insectos (principalmente escaravellos) e ar-

22




neidos,  
base da  
súa ali-  
menta-  
ción.

*Lagarta da serra*

Destacan os individuos novos desta especie pola característica e preciosa cor azul, case turquesa, coa base verdosa da súa cola, que contrasta coa ancha banda dorsal de cor castaña clara.

A agüa real encontra na serra do Courel un dos seus últimos refuxios en Galicia. As parellas reproductoras desta especie en Galicia estímanse en non máis de 5 ou 6, estando en grave risco de desaparición. Habita en zonas de montañas de moi pouca poboación e aniña en paredes verticais de considerable altura. Aliméntase sobre todo de coello, aínda que inclúe na súa dieta o cobregón, a perdiz rubia, o lagarto arnal e mesmo animais domésticos mortos (ovellas e cabras).



23

*Aguia real*

## parada 8

### Táboa de Hospitalidade e Aguiá de Bronce Os asentamentos humanos na historia da Rogueira

A devesa da Rogueira e o seu contorno estiveron poboados, cando menos, dende a idade do Bronce Final (século VII a.C.).

Posteriormente desenvolveuse en todo O Courel a cultura castrexa.

- 24 Nun principio, os asentamentos prerromanos estiveron moi achegados ós ríos (Castro da Devesa do Rei) onde había máis dispoñibilidade de recursos: pesca, bos pastos para o gando (especialmente cabras), terras para cultivos agrícolas (bastante limitados pola altitude), froitos (entre os que destaca a landra de aciñeira) e a posibilidade de aproveitar os praceres auríferos fluviaís. Os útiles férreos foron inicialmente importados, procedentes do sur. É probable que a redución deste mineral comezase coa romanización, debido a cantidade de ferramentas que precisaban para as explotacións auríferas.

Na época de romanización comeza a desenvolverse de xeito intensivo a minería aurífera, da que aínda é doado



observa-las súas pegadas nas proximidades (mina da Toca e minas de Torubio). As necesidades desta actividade económica, baseada no emprego de abondosa man de obra nativa e cun forte dispositivo de seguridade, implica un cambio nos asentamentos. Búscanse agora espazos estratégicos que faciliten a súa defensa e o control e dirección dos labores mineiros por parte dos explotadores romanos. Nos outros castros de media ladeira distribuíríanse os traballadores, máis amplos cós situados a pé de río, próximos ás explotacións (cabe nomear como exemplo o castro da Torre do Castro, localizado entre Folgoso e Sobredo).

Desta época son a Táboa de Hospitalidade e a Aguiña de Carbedo, ambas de bronce, que en realidade foron atopadas na necrópole do castro do Monte Cido (monte situado detrás da aldea de Moreda). Foi este un castro con fortes defensas entre as que cabe destacar un muro que se estende case un quiló-

*Táboa da  
Hospitalidade*



metro, tres foxos e unha torre que presenta na actualidade 2,9 m de altura. Probablemente esta é a orixe do topónimo de Torre Cabreira, co que tamén se coñece este monte. Da importancia dos asentamentos na idade media queda constancia nas ruínas do castelo do Carbedo, probablemente asentado enriba dun castro, xusto por detrás do monte Cido. Foi descrito polo licenciado Molina no ano 1550 como a Fortaleza do Courel. Exercía un importante control sobre as comunicacións entre os vales de Romeor e Visuña.

## parada 9


Os cerquiños e capudres son as árbores que limitan a Rogueira

A medida que abandonámo-la devesa poderemos localizar con maior claridade estas dúas especies, intercaladas entre o monte baixo que, con carqueixas, uces, carpazas... ten unha grande importancia ecolóxica.

O cerquiño ou rebolo, en moitas ocasións presenta un porte arbustivo, froito da súa explotación e queima intensiva. Gusta das abas soleadas. Diferénciase do carballo por te-las follas con lóbulos máis escotados e pola presenza dun veludo branco e apertado no envés.

O capudre, tamén é chamado escornabois ou cancereixo. Os froitos son de cor vermella e preséntanse agrupados en acios. Son moi apreciados polos paxaros. Teñen a propiedade de corta-las diarreas e son antiescorbúticos.

Poden prepararse en marmelada, aínda que previamente hai que quitárlle-lo amargor remollándoos unhas horas en vinagre ou fervéndoos, lixeiramente, e retirándolle-la auga.



2

*Capudre no outono*

## parada 10

Os piñeiros son plantacións actuais que contrastan coa devesa

Pouco antes de chegar ó asfalto topamos de súpeto unha vexetación que tentou recobra-la parte alta da montaña. É unha repoboación forestal de piñeiros silvestres.

O piñeiro silvestre pode acadar grandes dimensións. Ten as acículas (follas) agrupadas de dúas en dúas e son bastante curtas. As piñas tamén son pequenas. É unha árbore que soporta ben a altura, o frío e a neve.

Debaixo destas árbores a diversidade vexetal é menor ca no bosque da Rogueira.

Na outra banda da pista hai un depósito de auga aberto, de curiosa arquitectura, destinado á loita contra os incendios forestais, con fonte e pía para o gando.

28



*Piñas*

## parada 11

En Moreda Maior consérvanse construcións de pedras calcarias e lousas

No noso descenso cara a Moreda atoparemos un agrupamento de edificacións populares que se integran perfectamente na paisaxe. Están construídas cos materiais dispoñibles na zona: nas paredes cachón, fundamentalmente de pedra calcaria, e teitadas con lousa; nas portas e xanelas utilízase a madeira de castiñeiro.

Estas cabanas son utilizadas para garda-la facenda no verán, que é cando máis pacen nestes pastos, pero tamén para garda-la herba da sega, apeiros e para outros labores.

29



## parada 12

Moreda e os seus veciños son os donos e vixías do bosque

Os comuneiros da Rogueira, veciños da Moreda son os verdadeiros protagonistas de que a devesa chegase ata nós no estado de conservación que puidemos observar no percorrido que estamos a finalizar.


3



Aínda nos tempos de máis poboamento (censo no Courel en 1860: 6.597 habitantes) e maior presión sobre o medio, este bosque permaneceu inalterado.

De seu, a Rogueira ten unha pendente e unha orientación que o desaconsellan para a explotación gandeira e agrícola, ofrecendo directa-

*Unha faia  
vixía o camiño*

An aerial photograph of a mountainous region. The foreground shows a small village with several buildings and a church spire, surrounded by green fields and trees. The middle ground is dominated by steep, forested hillsides. The background shows more distant, hazy mountain peaks under a bright sky. The overall scene is a typical rural landscape from the region of Courel.

mente á economía doméstica tan só pequenos recursos como a madeira, caza e algúns froitos. Pero os seus límites foron cavados ou queimados para facilita-lo pasto do gando no monte baixo, práctica que orixina unha forte erosión de solos.

Da dureza da vida na serra, azoutada por duros invernos e illada secularmente, é produto o seu vertixinoso despoboamento (no ano 1996 no Courel quedaban 1.704 persoas). E Uxío Novoneyra, o máis nomeado dos poetas do Courel, o testifica nos seus versos:

3

*"Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!  
Eiquí síntese ben o pouco que é un home"*

*Moreda do Courel*

## Pero... o Courel

é algo máis que a devesa da Rogueira, e sen ir moi lonxe de Seoane a paisaxe invita a camiñala. Recomendamos outros tres paseos:

### 1.-

Seoane - Cámping - Igrexa de Esperante -  
Esperante - Carbedo - Ruínas do castelo de  
32 Carbedo - Moreda - Ferrería Nova - Seoane.

**Percorrido** : 12 km

**Desnivel** : 455 m

**Dificultade** : media, pero longo

### 2.-

Seoane - Casas do Mazo - Paderne (corredoiro que  
discorre pola beira esquerda do río Pequeno, por  
debaixo das aldeas de Meiraos, Vilasivil e Miraz).

**Percorrido** : 6 km (só ida)

**Desnivel** : 280 m

**Dificultade** : baixa



### 3.-

Ferrería Nova - Loborín - Mercurín - Teso de Brío, Vigo ou Brigo (que de todos eses xeitos nomean este castro dende o que se divisa unha das mellores vistas da Rogueira).

**Percorrido:**

4,5 km

**Desnivel:**

510 m

**Dificultade:**

media

.....  
Os percorridos 2 e 3 poden xuntarse (comezar polo do rego Pequeno e rematar polo de Mercurín) para facer un itinerario circular co que completar unha xornada.

**Percorrido:** 13 km

**Desnivel:** 510 m

**Dificultade:** media pero longo


*Ferrería Nova*



## Especies citadas neste itinerario

- Abeleira - *Corylus avellana*  
Aciñeira - *Quercus ilex*  
Acivro - *Ilex aquifolium*  
Aguia cobreira - *Circaetus gallicus*  
Aguia real - *Aquila chrysaetos*  
Bidueiro - *Betula celtiberica*  
Capudre - *Sorbus aucuparia*  
Carba - *Quercus petraea*  
Carballo - *Quercus robur*  
Carpaza - *Cistus sp.*  
34 Carqueixa - *Chamaespartium tridentatum*  
Carrasca - *Calluna sp.*  
Castiñeiro - *Castanea sativa*  
Cerquiño - *Quercus pyrenaica*  
Cobregón - *Malpolon monspessulanus*  
Coello - *Oryctolagus cuniculus*  
Faia - *Fagus sylvatica*  
Gato bravo - *Felis sylvestris*  
Lagartixa da serra - *Lacerta monticola*  
Lagartixa dos penedos - *Podarcis hispanica*  
Lagarto arnal - *Lacerta lepida*  
Marta - *Martes martes*  
Perdiz rubia - *Alectoris rufa*  
Pintafontes común - *Triturus boscai*

Piñeiro silvestre - *Pinus sylvestris*  
Ra patilonga - *Rana iberica*  
Sobreira - *Quercus suber*  
Teixo - *Taxus baccata*  
Uz - *Erica sp.*





---

**Edita:** Xunta de Galicia  
Consellería de Medio Ambiente  
Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental

**Idea orixinal, realización e textos:**



cem, s.coop.galega. ©

**Fotografías:** XK3 foto ©

**Ilustracións:** Rafa Salvadores © e Suso Cubeiro ©

**Deseño gráfico, infografía e maquetación:**  
Mazaira grafismo, s.l.

**Impresión:** Edym, s.l.

**Depósito legal:** C-221/2001